

**AUTORIZACIÓN SAÍDA / RECOLLIDA DE ALUMNADO AO REMATE DO HORARIO LECTIVO
CURSO 2020/21 (5º e 6º de Ed. Primaria, 1º, 2º, 3º e 4º de Ed. Secundaria)**

Don/a, con DNI/NIE, como representante legal do/a alumno/a....., matriculado en.....curso de Educación, ao remate das clases lectivas e saídas educativas

AUTORIZA que abandone só as instalacións do centro educativo ou a parada do transporte escolar (no seu caso), eximindo a Consellería de calquera responsabilidade por danos ou lesións indemnizables que poidan sufrir os escolares.

NON AUTORIZA que abandone só as instalacións do centro educativo ou a parada do transporte escolar (no seu caso), polo que autoriza que sexa recollido, baixo a súa responsabilidade, polas seguintes persoas:

NOME E APELIDOS	DNI/NIE

Segundo a Instrucción conxunta 9/2017 da Secretaría Xeral Técnica e da Dirección de Centros e Recursos Humanos aplicable ao caso:

- Poderase autorizar a outra persoa maior de idade ou a un irmán ou irmá que curse 5º e 6º de Educación Primaria ou ESO no mesmo centro educativo. O/a alumno/a non se deixará baixo a custodia de persoas distintas ás autorizadas no presente escrito.
- No caso de separación ou divorcio para autorizar a recollida unicamente será necesaria a sinatura do proxenitor/a que teña a garda e custodia e deberá ser entregada na Secretaría do centro unha copia da sentenza xudicial, acordo provisional ou convenio regulador dos días de visita asignados ao outro proxenitor, nos cales poderá este recoller ao seu fillo/a.
- Todos os cambios na situación familiar deberán ser comunicados e documentados no centro escolar.

Demora no caso de recollida nas instalacións do centro educativo:

- As posibles demoras na recollida deberán ser comunicadas no centro escolar.
- O alumno/a permanecerá baixo a vixilancia de persoal directivo do centro. Cando esta demora sexa considerable poderase dar aviso as instancias policiais, de producirse de forma reiterada poñerase en coñecemento dos Servizos Sociais para analizar a situación familiar.

Demora no caso de recollida nas paradas do transporte escolar:

- As posibles demoras na recollida deberán ser comunicadas no centro escolar.
- O autobús esperará un máximo de 5 minutos para asegurar a recollida dos alumnos/as tras os cales os levará para as dependencias da empresa donde deberán ser recollidos polas persoas autorizadas. Chegada a hora de peche das instalacións da empresa levarán ao alumno/a as dependencias da Policía Municipal.
- O alumnado usuario habitual de transporte escolar deberá comunicar por escrito no centro educativo os días que non fará uso do mesmo.

Caldas de Reis, de de 20

Asdo.:
(Proxenitor/a ou titor/a legal)

Asdo.:
(Proxenitor/a ou titor/a legal)